

ANEXO V**Baremo**

1º. Situación socio-familiar.

- 1.1. Por cada membro da unidade familiar..... 2 puntos
- 1.2. Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea ao seu cargo..... 1 punto
- 1.3. No caso de que a/o nena/o para o que se solicita a praza nacesse nun parto múltiple..... 1 punto
- 1.4. Por cada membro da unidade familiar afectado por discapacidade ou enfermidade que requira internamento periódico..... 2 puntos
- 1.5. Pola condición de familia monoparental..... 3 puntos
- 1.6. Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais..... 6 puntos
- 1.7. Pola condición de familia numerosa..... 3 puntos
- 1.8. Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas..... ata 3 puntos

2º. Situación laboral familiar.

2.1. Situación laboral de ocupación:

Nai..... 7 puntos

Pai..... 7 puntos

2.2. Situación laboral de desemprego (1):

Nai..... 2 puntos

Pai..... 2 puntos

2.3. Persoas que desenvolvan e perciban o tramo de inserción (Risga):

Nai..... 3 puntos

Pai..... 3 puntos

(1) Valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos do día anterior ao da publicación desta resolución.



No caso de familias monoparentais ou aquelas en que o neno ou a nena conviva cunha soa persoa proxenitora adxudicaráselles a puntuación da epígrafe correspondente computando por dous.

Só se poderá obter puntuación por unha das epígrafes anteriores.

3º. Situación económica.

R.P.C. mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente (calculada de acordo co establecido no artigo 7 desta resolución):

Inferior ao 30 % do IPREM..... +4 puntos

Do 30 % ou superior e inferior ao 50 % do IPREM..... +3 puntos

Do 50 % ou superior e inferior ao 75 % do IPREM..... +2 puntos

Do 75 % ou superior e inferior ao 100 % do IPREM..... +1 punto

Do 100 % ou superior e inferior ao 125 % do IPREM..... -1 punto

Do 125 % ou superior e inferior ao 150 % do IPREM..... -2 puntos

Entre o 150 % e o 200 % do IPREM..... -3 puntos

Superior ao 200 % do IPREM..... -4 puntos

En caso de obter igual puntuación, terán preferencia en primeiro lugar as solicitudes coa renda per cápita máis baixa e despois as de xornada completa con servizo de comedor sobre as solicitudes de media xornada.

Para os efectos desta resolución están a cargo da unidade familiar as persoas que, convivindo no mesmo domicilio, teñen ingresos inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente.

No caso de ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais adxudicarase a puntuación máxima nas epígrafes 2º e 3º do baremo.

No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

